

O Pleno do Concello, o 8-4-2003 acordou a aprobación inicial, publicada en prensa e no DOG do 8-5-2003, co resultado da fase de información pública que consta no expediente tramitado e aprobado provisionalmente polo Pleno do Concello o 8-9-2003.

De conformidade co disposto no artigo 89.1º da Lei 9/2002, a competencia para a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ó conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

En consecuencia, de conformidade co establecido na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e co informe xurídico e técnico do Servizo de Inspección Territorial de Pontevedra, desta mesma data, e por proposta da Dirección Xeral de Urbanismo

DISPOÑÓ:

Artigo 1º

Aprobar definitivamente ó VI proxecto de modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Vila de Cruces.

Artigo 2º

De conformidade co disposto polos artigos 92 da Lei 9/2002 e 70 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publica-la normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente no BOP.

Disposición derradeira

Contra esta orde cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2003.

Alberto Núñez Feijoo

Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 26 de novembro de 2003 pola que se dictan normas que determinan os servizos mínimos durante a folga que afecta o profesorado interino do ensino público dependente da Comunidade Autónoma galega, convocada para o día 2 de decembro de 2003.

O exercicio do dereito de folga queda condicionado ó mantemento dos servizos esenciais definidos no

artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG do 20 de xuño), entre os que se atopa a educación.

O artigo 3 do devandito decreto faculta os conselleiros competentes, por razón dos servizos esenciais afectados, para que, mediante orde e ante cada situación de folga, determinen o mínimo de actividade necesaria para asegura-lo mantemento de tales servizos e o persoal preciso para prestalos.

A organización sindical do Sindicato de Traballadores do Ensino (STEG) comunicou a convocatoria dunha folga que afecta a todo o profesorado interino do ensino público non universitario pertencente á Comunidade Autónoma galega, educación infantil, educación primaria, educación especial, ensino secundario, formación profesional, escolas oficiais de idiomas, artes plásticas e deseño, música e artes escénicas, e que se desenvolverá entre as 00.00 horas e as 24.00 horas do vindeiro 2 de decembro de 2003.

A necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a Administración autonómica, de acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais que se concretan e xustifican na presente orde.

O servizo esencial da educación non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que, xunto a esta actividade docente, se realizan outras funcións como son a vixilancia e o coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden ós centros docentes públicos. Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial ós menores; dun xeito máis específico, o artigo 15 do Real decreto 732/1995 (do 5 de maio, publicado no BOE do 2 de xuño), polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros, dispón no seu artigo 15 que tódolos alumnos teñen dereito a que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade. Polo tanto, a custodia dos menores de idade que se atopen nun centro docente público, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establécese a necesaria presenza no centro docente público non universitario do director ou, de se-lo caso, doutro membro do equipo directivo, xa que o director desempeña a representación do centro e garante o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan, respectivamente, as alíneas d) e a) do artigo 79 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (da calidade da

educación, publicada no BOE do 24 de decembro), e polo tanto está capacitado e facultado para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.

Do mesmo xeito, este deber de protección esténdese ata as funcións orgánicas básicas dos menores de idade, como é o comer, e que determina que se establezan servizos mínimos para que se poida presta-lo servizo de comedor nas escolas-fogar, sendo este servizo parte indivisible e ineludible do servizo esencial de educación naqueles centros onde se preste, especialmente nas escolas-fogar que funcionan como internados e que non poden ser paralizados nas súas actividades básicas, como é alimentalos menores. A determinación dos ditos servizos mínimos por porcentaxes considérase como criterio máis apropiado para a fixación do persoal que debe prestalos, dada a diversidade existente na dimensión e tamaño dos diferentes centros docentes que hai na nosa comunidade. En calquera caso, nunca poderá baixar de dúas persoas por canto resulta o número de persoal imprescindible para a prestación do servizo de comedor coas mínimas garantías.

En consecuencia, de acordo coa normativa citada, de conformidade co comité de folga,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Terán a consideración de servizos mínimos para o persoal docente dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os que se relacionan seguidamente:

-O/A director/a ou membro do equipo directivo de cada centro docente non universitario.

-O 25% do persoal docente encargado de comedores das escolas-fogar, garantindo un mínimo de dúas persoas.

Artigo 2º

A designación nominal do persoal que deberá cubri-los distintos servizos relacionados no artigo anterior será feita pola dirección do centro respectivo, procedéndose á súa publicación no taboleiro de anuncios dos centros afectados.

Artigo 3º

O incumprimento da obriga de atende-los servizos mínimos fixados nesta orde será sancionado de conformidade coa normativa vixente.

Artigo 4º

O disposto na presente orde non suporá ningunha limitación dos dereitos que a normativa reguladora da folga lle recoñece ó persoal na dita situación.

Artigo 5º

Sen prexuízo do que establecen os artigos anteriores, deberanse observa-las normas legais e regulamentarias vixentes en materia de garantías dos usuarios dos establecementos docentes.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2003.

Celso Currás Fernández

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 24 de novembro de 2003
pola que se convocan catro cursos de perfeccionamento de xefes de sección da Xunta de Galicia.*

En execución do plan de formación da EGAP para o ano 2004, anúnciase a convocatoria de catro cursos de perfeccionamento de xefes de sección da Xunta de Galicia, que se desenvolverán conforme as seguintes bases:

Primeira.-Obxectivos.

Contribuír a unha maior capacitación dos funcionarios da Xunta de Galicia que estean ocupando postos de xefes de sección na Administración autonómica, co fin de optimiza-las súas aptitudes e actitudes profesionais para a mellora da xestión e da prestación dos servizos públicos.

Segunda.-Destinatarios.

Van dirixidos a funcionarios de carreira da Xunta de Galicia dos grupos A, B e C, que estean ocupando actualmente xefaturas de sección. Terán preferencia os que as ocupen con carácter definitivo, circunstancia que deberá ser certificada segundo o modelo oficial contido no anexo II desta resolución polo responsable do servizo de persoal do que depende o solicitante.

No caso de que nalgún dos cursos proxectados non se cubra o número de prazas previsto, poderán ser seleccionados aqueles funcionarios que, por pertencer ós grupos funcionariais mencionados, poidan no seu día desempeñar xefaturas de sección na Xunta de Galicia.

Só poderá presentarse unha instancia e para unha única localidade, tendo preferencia, na selección efectuada para cada unha das previstas na convocatoria, aqueles funcionarios que desempeñen o seu posto de traballo na localidade elixida.

No caso de solicitantes de localidades onde non se convocase o curso, entenderase como se desempeñasen o seu posto de traballo na localidade elixida.